


BOLETÍN 1 – TEMA 1


1. Pon un exemplo de relación entre a estrutura e a función dun órgano, un tipo de célula ou un tecido.
Alvéolos: as súas paredes son moi delgadas (estrutura) para que sexa posible o intercambio de gases co sangue (función).
Células da parede do corazón: son fibras musculares contráctiles, é dicir, que poden contraerse, (estrutura) para que poidan bombear o sangue (función).
2. Define “diferenciación celular”: é o proceso polo cal unha célula indiferenciada se transforma noutra cunha función concreta.
3. Verdadeiro ou falso? Corrixe os enunciados que sexan falsos.
 - a. A histoloxía estuda as células. F. Estuda os tecidos.
 - b. A fisioloxía estuda e describe o funcionamento dun órgano ou unha célula, e a anatomía, a súa estrutura. V.
 - c. Cando un óvulo fecunda a un espermatozoide fórmase unha nova célula chamada cigoto, que se divide varias veces e forma un grupo de células que son todas iguais ata que non comeza a diferenciación celular. F. É o espermatozoide o que fecunda ao óvulo. O resto da frase si é correcto.
 - d. As células dun mesmo tecido teñen a mesma orixe embrionaria. V.
 - e. Unha glándula que libera substancias ao interior do tubo dixestivo é endócrina. F, é exócrina.
 - f. As matrices dos tecidos conectivos son sempre masas xelatinosas ou sólidas. F, non sempre, por exemplo, a matriz do tecido sanguíneo é líquida.
 - g. Todos os tecidos musculares estriados son de contracción voluntaria. F, o tecido muscular estriado cardíaco é de contracción involuntaria..
 - h. O tecido nervioso está formado por neuronas na súa totalidade. F, tamén forman parte del as células gliais ou da neuroglía.
 - i. Os planos parasaxitais forman ángulos de 90° cos transversais. V.
 - j. En animais cuadrúpedes, os termos dorsal e ventral poden intercambiarse por detrás e diante, respectivamente, pero en bípedes non. F, si son intercambiables en bípedes, non en cuadrúpedes.
 - k. O dedo corazón é o máis medial de todos os da man. F, é o maimiño.
 - l. A cavidade nasal é caudal respecto da bucal. F, a cavidade nasal é cranial respecto da bucal.
 - m. Os pulmóns atópanse na cavidade abdominopélvica. F, están na cavidade torácica.
 - n. A cavidade abdominal e a pélvica están separadas polo diafragma. F, non hai unha estrutura que separe a cavidade abdominal e a pélvica. O diafragma separa as cavidades torácica e abdominopélvica.
 - o. Todos os tecidos musculares lisos son de contracción involuntaria. V.
4. Que é o endotelio? É o tecido epitelial de revestimento que recubre o interior dos vasos sanguíneos e das cavidades do corazón.
5. Que característica dos miocitos ou fibras musculares fai que sexan idóneas para formar o tecido muscular, encargado do movemento do corpo? Que son contráctiles, que poden contraerse.
6. Cando os seres humanos durmimos, o noso corazón segue latindo e podemos estar facendo a dixestión. Porén, non adoitamos flexionar os brazos durante o sono. Por que? Porque o corazón ou o estómago están formados por músculos de contracción involuntaria (estriado cardíaco o corazón e liso o estómago), pero os que flexionan os brazos son músculos de contracción voluntaria (tecido muscular estriado).
7. O tecido nervioso está formado por dous tipos de células. Unhas encárganse de transmitir, dunha a outra, os impulsos nerviosos, e as outras teñen un papel de “auxiliares” das primeiras. Cal é o nome de cada unha? As neuronas transmítense entre elas o impulso nervioso e as auxiliares son as células gliais ou da neuroglía.

8. Escribe unha frase con cada un dos seguintes termos, deixando claro que coñeces o seu significado: ótica/o, escapular, poplítea/o, cervical.
- “O alumnado de anatomía non entende os nomes dos ósos craniais, se cadra teñen a cavidade ótica obstruída”.
 - “Cando levo camisetas de asas finas, nótanse as escapulas debaixo da pel”.
 - “Dóeme o xeonllo, pero non na parte ventral, senón na rexión poplítea”.
 - “Fun á praia buscar cunchas e, de tanto mirar cara abaixo, acabei con dor de cervicais”.
9. Nomea as partes que sinalan os números 1, 2, 3, 4, 5, 9, 10, 11 e 12.



1 – cavidade dorsal, 2 – cavidade cranial, 3 – cavidade vertebral, 4 – cavidade ventral, 5 – cavidade torácica, 9 – diafragma, 10 - cavidade abdominopélvica, 11 – cavidade abdominal, 12 – cavidade pélvica.

10. Cal é o dedo máis lateral da man esquerda? É o máis medial da dereita? O polgar é o máis lateral da man esquerda e o maimiño o máis medial da dereita.
11. Cales son as cinco principais cavidades da cabeza? Escribe tres frases nas que relaciones a situación de dúas delas mediante termos direccionais. As cinco principais cavidades son a cranial, a orbitaria, a timpánica, a nasal e a bucal. Unha frase podería ser: “a cavidade orbitaria é cranial respecto da bucal”.
12. Unha célula non especializada convértese nunha célula do cerebro durante o desenvolvemento fetal. Este é un exemplo de: a) homeostase b) organización c) diferenciación d) crecemento. A resposta correcta é a c), diferenciación.
13. O conduto vertebral ou raquídeo: que contén? Que o delimita? Contén a medula espiñal e o inicio dos nervios raquídeos. Delimítalo a columna vertebral.
14. Indica os termos direccionais aos que se refire cada frecha.



Ventral

Dorsal

Cranial

Caudal

Medial

Lateral

15. Indica que plano representa a forma amarela em cada caso.

a. Transversal ou horizontal.

b. Coronal ou frontal.

c. Saxital ou lonxitudinal.

